

## FGM - Marcha de Vivac 14-07-2018



Trepada no tramo final do Fontefría.

### XXXI MARCHA DE VIVAC

[Inscripcións en Xistra \(trámite previo\)\]](#)

NOVAS DATAS: 14 e 15 de xullo de 2018

Data: 16 e 17 de xuño de 2018

Lugar: Macizo Central (Ourense)

[Circular recibida en pdf](#)

"Club Montañeiros Celtas ten o pracer de organizar de novo unha das actividades mais tradicionais do calendario da FGM. Percorreremos a comarca de Valdeorras, retornando ao mundo romano, comenzamos en Arnado por un pequeno tramo da Vía Antonino, e remataremos en Portomourisco guiados pola canle romana de auga, despois de atravesar a serra polo alto de Mouzón (1329) e vivaquear na remota aldea de Santoalla onde Chano Piñeiro rodou Sempre Xonxa.

Remataremos o domingo degustando un xantar de confraternidade en O Bolo.

Convidarvos a participar nun encontro do que estamos seguros vai ser unha experiencia máxica."

#### ACTUALIZACIÓN INFORMACIÓN

"Haberá un autobús que sae dende Vigo, ás 08 da mañá dende a Praza de España, cun custo de 12?. A comida de confraternidade do domingo é no Bolo e son 10?.

Haberá avituallamentos ao longo de todo o percorrido e darase un café quente o sábado pola noite, logo da cea. Tamén haberá coche de apoio na actividade."

#### NOVA ACTUALIZACIÓN DA INFORMACIÓN

**14 e 15 de xullo: XXXI MARCHA GALEGA VIVAC (por motivos alleos a organización hai cambio de data) (por motivos alleos a organización cambiouse a data prevista do 16 e 17 de xuño para o 14 e 15 de xullo)**

**Rogamos desculpedes os inconvintes producidos.**

[Máis información en Celtas](#)